

«As cruces de caídos, como a de Vigo, resaltan aos verdugos»

• A investigadora da memoria histórica presenta un libro no que fai unha homenaxe ás vítimas da represión franquista

JORGE LAMAS

26 de noviembre de 2015. Actualizado a las 04:00 h.



A cafetería Detrás do Marco acolle, ás 20.30 horas, a presentación do libro *Un cesto de mazás*, de Montse Fajardo, no que se fai unha homenaxe ás vítimas da represión franquista. Estará acompañada polo investigador Luis Bará, o crítico literario Ramón Nicolás e Paloma Reigosa, neta da viguesa Urания Mella.

-¿Que conta no seu libro?

-Recorre 16 historias de víctimas da represión do 36. Está contado por eles, como no caso do soldado Antonio Pérez, de Redondela, e Antonio Alejandro, de Vilaxoán, derradeiro sobrevivente do campo de concentración da illa de San Simón. E en outros casos, as contan os seus familiares, que para min tamén son víctimas.

-¿Como narra esas historias?

-Eu son xornalista e intento que sexan as propias fontes quen as contan coas súas propias palabras e modos de falar, como no caso das mulleres do Grove, nas que lles conservo a gheada. Cada capítulo está contado dun xeito o máis próximo posible á propia fonte e como viviu a historia. É un relato xornalístico pero que tenta que sexan eles quen manteñan o fío da narración.

-¿Mantén o formato que empregou en *Matriarcas*?

-Si, é parecido a ese libro coa diferenza de que entón eran as protagonistas quen contaban a historia en primeira persoa, e aquí, na maioría dos casos, son os seus achegados, tratando de manter os seus xeitos de falar.

-¿Considera que é necesario este tipo de libros?

-Máis que nunca. O vindeiro ano cumprese oitenta anos do pronunciamento militar e corenta da chegada da democracia pero as vítimas están pouco recoñecidas. Hai moi poucas persoas que coñecen o que lle aconteceu aos seus propios veciños nas súas propias vilas. En cambio, polo país, segue a haber rúas con nomes como General Mola, e segue habendo cruces, como a de Vigo, que resaltan aos verdugos. Segue habendo recoñecemento dos verdugos e esquecemento das vítimas; hai moitas familias que non saben onde están enterrados os seus familiares. É necesario ter empatía con esas persoas.

-En Vigo soubemos onto que o Constitucional rexeito involucrarse no derribo da Cruz do Castro.

-É a tónica do que ven pasado dende hai corenta anos, os parabéns da democracia ao que pasou durante o franquismo. As vítimas seguen tendo a sensación de que os seus verdugos están aceptados. Unha cousa é o que é legal, e outra, o que é xusto.

-¿As mulleres foron doadamente vítimas da represión?

-É unha teima miña. Adoitamos poñer un acento especial sobre os homes porque son maioría nos asasinatos e no encarceramento, pero as mulleres non só padeceron esa represión senón que tamén houbo castigos específicos para elas, como a rapa do pelo, o aceite de ricino ou as violacións. Hai tamén un tipo de represión difícil de recoller porque moitas sentiron vergoña e a sufriron en silencio. Penso que todas as mulleres foron vítimas do franquismo, primeiro porque acabou cos seus dereitos e relegounas ao fogar. E sobre todo, porque as viúvas, dos fusilados, quedaban cos fillos e sen o principal sustento. Ademais quedaban sinaladas e sen oportunidades.

-¿Cal foi o caso que máis lle chamou a atención?

-Hai moitos e brutais, pero a min o que máis me impacta son pequenos acenos, como deixar a unha nena de seis anos sen ir a escola porque eran irmá dun represaliado. Eses pequenos acenos cos más febles amosan a cruidade do fascismo.

-¿Foi moi complicado reunir tantas testemuñas?

-Tiven moitas axudas da xente que investiga na memoria e das testemuñas que me abriron as súas casas. No acto de Vigo vai estar Paloma Reigosa, neta da viguesa Urania Mellá. O máis duro foi dende o punto de vista emocional porque as historias son durísimas e as contan os familiares das vítimas ou elas mesmas.

-¿Por que lle puxo este título?

-Nun texto de Luis Bará, que tamén investiga na memoria, dicía que entrevistara a Tucha García para falar do seu pai que estivera tres anos nun tubo na corte. Os falanxistas foron a buscalo e como non o atoparon, destrozaron unha maceira. Luis dixo que ía volver a casa de Tucha para levarlle un cesto de mazás e devolverlle un pouco do que o fascismo lle quitara. Pareceume unha metáfora moi fermosa para

definir o que quero fazer con este libro, devolverle as familias a
verdade despois de corenta anos de ditadura escoitando que eran uns
asasinios, e outros corenta de democracia silenciosa.